

## FICHAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS NO SECTOR AGROPECUARIO



### FITOSANITARIOS (Consellos prácticos)



#### FASE DA ALMACENAXE

- Almacene os produtos químicos sellados no seu envase orixinal; nun lugar fresco, seco, seguro, e ben ventilado, nunha área restrinxida para este tipo de produtos, separados de alimentos para o gando, sementes e outros vexetais.
- Mantéñaos retirados da calor e do lume.
- lugar de almacenaxe, aparte de seguro e ben ventilado, debe ser un lugar fora do alcance de nenos e persoas non responsables.

#### **ANTES DA APLICACIÓN**

- Adquirir os produtos nos seus envases orixinais, en establecementos autorizados e solicitar a ficha de seguraza do produto ao proveedor.
- Ler atentamente a etiqueta do produto e a ficha de seguridade se está dispoñíbel, cumprindo rigorosamente as recomendacións tanto de seguridade como técnicas especificadas en elas.

- Adoptar as precaucións desde as operacións previas, ao medir a cantidade de produto, ao vertelo , no momento de misturalo e cargálo . Efectuar estas operacións ao ar libre ou nun local ben ventilado.
- Verificar que se utiliza a equipa adecuada que se especifica na ficha de seguraza do produto (traxe, luvas, gafas ou viseira, mascarilla, etc.) e comproba as especificacións das Equipas de Protección Individual (EPI) seleccionados.
- Retire do cultivo a persoas ou animais domésticos. Non permita que se acheguen mentres se está aplicando.

### • DURANTE A APLICACIÓN

- Utilizar maquinaria de pulverización ou espolvoreo adecuada e en bon estado.
- Non beber, comer ou fumar no mesmo lugar ou nos arredores onde se realicen traballos de sulfatación.
- Levar a bebida, comida ou tabaco en recipientes herméticos para evitar a súa contaminación.
- Non traballar en contra do vento.
- Non desatascar as boquillas ou outras partes dos aparellos de sulfatar soprando coa boca. BAIXO NENHUNHA CIRCUNSTANCIA.

### • DESPOIS DA APLICACIÓN

- Se a etiqueta establece prazos de espera, sinalizar a zona tratada de maneira adecuada por meio de cartaces indicativos ben visíbeis. no cartaz fará-se constar a frase:“TRATADO CON PLAGUICIDAS”, xunto coa data de tratamento, a data até a que é perigoso acceder ao campo e o NOME COMERCIAL do plaguicida.
- Conservar o produto sobrannte no seu envase orixinal e pechado.
- Limpar a equipa de aplicación
- Mudar-se a roupa de traballo, lavá-la separada e tomar un baño ou ducha.
- Respeitar o tempo mínimo de proibición absoluta de acceso ao campo tratado segundo as recomendacións indicadas na etiqueta do produto.
- Cerre o envase; axite durante 30 segundos..

### ELIMINACIÓN DE ENVASES

- Selar e almacenar os envases parcialmente utilizados.
- Realice triple lavado de los envases vacíos, posteriormente proceda a destruílos para evitar que señan usados novamente.

*Hai Comunidades Autónomas nas que existen campañas de recollida e xestión destes envases por parte da Administración en colaboración con certas entidades privadas. Nalgunhas Comunidades existe un incinerador ou vertedeiro autorizado. NUNCA DEBEN SER ENTERRADOS.*